

# Ferrol acolle a estrea absoluta de *Alma de tigre*, a nova obra de Elefante Elegante

A estrea será no Teatro Jofre este venres, 8 de abril, ás 20.30 h, e as entradas pódense adquirir na web [ferrol.es/jofre](http://ferrol.es/jofre)

A compañía volve apostar pola mestura de teatro físico e danza en *Alma de tigre*, interpretada por María Torres, Pablo Sánchez, Julia Laport e Mario Domínguez

O director, Gonçalo Guerreiro, mergúllase nunha historia cotiá e universal para dar forma a un espectáculo onírico no que conviven o cómico e o trágico



María Torres, Pablo Sánchez e Julia Laport protagonizan 'Alma de tigre' © Vanessa Rábade

**7 de abril de 2022.-** A compañía galego-portuguesa Elefante Elegante estrea mañá venres, 8 de abril, no Teatro Jofre de Ferrol, a súa nova proposta escénica: ***Alma de tigre***, unha creación na que o colectivo codirixido por Gonçalo Guerreiro e María Torres segue a explorar e desenvolver a súa singular linguaxe teatral, baseada na xestualidade e o movemento. As entradas para o espectáculo, que comezará ás 20:30 horas, pódense mercar na web [ferrol.es/jofre](http://ferrol.es/jofre) a un prezo de 5 €.

*Alma de tigre* é un espectáculo que transita entre **as artes visuais, a danza e o cine mudo**. Mergúllanos nunha fantasía onírica a partir da historia de dúas irmás e un irmán que, logo de anos sen contacto, se reencontran na casa familiar após a morte da súa nai, unha figura que se revela fortemente autoritaria. Tres adultos que non foron quen de cortar o cordón umbilical cos seus pais loitan agora por se desfacer do seu pasado, cada quen a súa maneira, e sandar as súas feridas.

A memoria, os afectos, a herdanza e o futuro apuntalan esta **nova creación de teatro sen palabras** que parte da premisa de que a vida é un soño que se pode transformar, doadamente, nun pesadelo. Acontece así que o corpo, parte visible, é susceptible de agochar

unha alma que se manifesta como de tigre: un animal carnívoro, salvaxe, feroso pero implacable.

A través da relación da música co movemento e a interacción cos elementos da escenografía, revelaranse todos os segredos dunha posta en escena que se fundamenta na **dinámica plástica da narrativa teatral**. O absurdo, el ridículo e o poderoso efecto cómico das situacións creadas esconden o fondo trágico que a realidade humana transporta.

“Sobre as táboas, cunha poética luminosa, presentamos unha historia cotiá e universal. Desde a ironía, queremos poñer en cuestión o modelo tradicional de familia, eses patróns que se repiten xeración tras xeración e ese fondo trágico que a realidade humana transporta en si mesma”, explica Gonçalo Guerreiro, creador e director da peza.

*Alma de tigre* é unha obra construída de forma **simbólica e onírica**, con imaxes de forte impacto visual, inspiradas en autores como Klimt, Botticelli ou Caravaggio. A través da música, do movemento e da escenografía, revelaranse segredos que cuestionan a realidade humana, con gran beleza plástica e moito humor absurdo.

O teatro físico e a danza, trazos singulares de Elefante Elegante, póñense ao servizo da imaxe nun espectáculo que coquetea co barroco no visual e tamén no acústico. A unha escenografía en constante transformación engádese unha música que fuxe do simbolismo e que serve para impulsar a acción.

Alén da creación e dirección da peza, Guerreiro asume a escenografía nunha produción que conta no seu reparto con Pablo Sánchez, Julia Laport, Mario Domínguez e María Torres, responsable tamén da dirección artística. Completan o equipo técnico Carolina Díguele (produción de arte), Nacho Martín (deseño de iluminación), Diego Valeiras (vestiario), Manuel Fonte (Espazo Sonoro), Sabela Domínguez (coreografía) e Lilian Portela (produción e distribución).

## **ELEFANTE ELEGANTE**

Elefante Elegante é unha compañía de teatro de orixe galego-portugués que produce espectáculos visuais baseados na xestualidade e no movemento, tanto para público familiar coma público adulto. As súas creacións buscan a universalidade a través da fusión de diferentes linguaxes: o teatro físico, a danza, as artes plásticas e as artes visuais.

Gonçalo Guerreiro e María Torres iniciaron en Bélxica a súa andaina como proxecto experimental, no que formaban parte intérpretes de diferentes países europeos. A proposta baseábase no xogo corporal e na súa relación co espazo. Estes anos de investigación foron fundamentais para establecer as liñas actuais de traballo da compañía.

O obxectivo principal de Elefante Elegante é desenvolver unha linguaxe teatral propia que permita tratar cuestións sociais, existenciais e ambientais que determinan a vivencia humana. O seu labor foi recoñecido con varios Premios María Casares nos últimos anos polos seus espectáculos *Dreaming Juliet*, *Patapatum*, *Danza da choiva*, *Kassa* e *Nuncabunga*.

**QUE:** *Alma de tigre*, un espectáculo da compañía Elefante Elegante

**DIRECCIÓN:** Gonçalo Guerreiro

**INTÉRPRETES:** Pablo Sánchez, Julia Laport, María Torres e Mario Domínguez

**ONDE:** Teatro Jofre (Praza de Galicia, s/n - Ferrol)

**CANDO:** venres 8 de abril, ás 20.30 h

**ENTRADAS:** <http://www.ferrol.es/jofre> | 5€

**MÁIS INFORMACIÓN:** <http://elefanteelegante.net/>

### Contacto de prensa Elefante Elegante

The Office Comunicación

Luisa Castiñeira | 630 223 255 - [luisa@theofficeco.es](mailto:luisa@theofficeco.es)

Lucía Pita | 675 404 321 - [lucia.pita@theofficeco.es](mailto:lucia.pita@theofficeco.es)

Bea Pérez | 604 070 409 - [bea@theofficeco.es](mailto:bea@theofficeco.es)

### Kit de prensa *Alma de tigre*

<https://bit.ly/almadetigre>